

PROGRAMACIÓN INICIATIVA RECUPERA (ARCO, PROA +) CURSO 2021-2022

a) Introducción.

Razóns que xustifican a necesidade do programa

As aulas de 4º e 5º de Educación Primaria presentan un número elevado de alumnado en situación de vulnerabilidade. Coa participación no programa ARCO pretendemos neutralizar as situacións de risco que están presentes nestes alumnos con perfís de vulnerabilidade escolar. O obxectivo que perseguimos é, a través do programa, adoptar estruturas organizativas flexibles e procedementos proactivos que permita unha atención máis individualizada.

A aula de 6º de Educación Primaria presenta un alto porcentaxe de alumnado en situación de vulnerabilidade (1/3 da aula). Coa participación no programa PROA+ pretendemos neutralizar as situacións de risco que están presentes nestes alumnos con perfís de vulnerabilidade escolar. O obxectivo que perseguimos é, a través do programa, adoptar estruturas organizativas flexibles e procedementos proactivos baseados na atención individualizada.

b) Contextualización.

Breve análise das características xerais do centro e das singularidades da contorna

O centro está situado no concello de Carnota, un concello rural mariñeiro da Costa da Morte. Trátase dunha zona de escaso desenvolvemento sociocultural o que repercute na motivación e o interese polo estudo do alumnado e das súas familias. Isto motiva que moitos dos alumnos que cursan a primaria no centro non rematan os estudos secundarios e son escasos os que chegan a titulacións superiores. O centro imparte ensinanzas correspondentes ao 2º ciclo da etapa de educación infantil e a etapa de Educación Primaria. Conta cunha aula por nivel, agás en sexto curso de primaria que conta con dúas aulas. En total nove niveis educativos, nos que se escolarizan arredor de 130 alumnos/as. A nivel xeral as principais dificultades que nos atopamos no noso centro están relacionadas cos hábitos de traballo así como dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas.

c) Análise da situación de partida.

PUNTOS FORTES DO CENTRO

- A maior parte do profesorado ten destino definitivo, sendo un equipo estable e con poucas variacións anuais.
- Ratios medias de 12-15 alumnos, o cal facilita o traballo individualizado e a posta en marcha de estratexias metodolóxicas abertas e cooperativas.
- Equipo directivo comprometido cos obxectivos de atención á diversidade e éxito escolar.

PUNTOS FEBLES DO CENTRO

- Alta concentración de alumnado NEE e escasos recursos humanos e materiais para prestarlles unha atención axeitada.
- Necesidade de priorizar os recursos para atención á diversidade no alumnado NEE, quedando moito alumnado NEAE a expensas das horas de dispoñibilidade horaria do profesorado para determinar as posibilidades de apoio.
- Proxecto educativo pouco asumido polo equipo docente en cuestións de atención á diversidade.

OPORTUNIDADES DO CONTORNO

- Existencia dunha rede de comunicación e cooperación eficaz entre os diferentes axentes sociais que prestan intervención educativa (Servizos Sociais, SAT comarcal, pediatra de referencia...).

AMEAZAS DO CONTORNO

- Trátase dunha zona rural altamente despoboada e mal comunicada o cal dificulta a existencia e acceso das familias a servizos asistenciais públicos e privados dispoñibles en zonas urbanas ou máis poboadas.
- Nivel sociocultural promedio baixo das familias, o cal dificulta a actitude de colaboración activa e continua no ámbito educativo.

d) Obxectivos do programa.

- Aumentar os niveis de éxito escolar no alumnado con dificultades nas competencias e técnicas instrumentais básicas.
- Mellorar o rendemento escolar potenciando hábitos organizativos e formas de traballo eficaces.
- Fomentar o desenvolvemento socioemocional con prácticas educativas que respondan á diversidade e aumenten a autoestima do alumnado obxecto de intervención.
- Promover o traballo en equipo do profesorado e a innovación metodolóxica para dar resposta ás necesidades dos estudantes máis vulnerables.
- Aumentar a participación e implicación das familias no proceso educativo.

e) Medidas concretas que se van desenvolver.

- Xeración e concreción de expectativas de éxito para todo o alumnado das aulas de 4º, 5º e 6º.
- Identificación e prevención de dificultades de aprendizaxe
- Atención á diversidade do alumnado na aula.
- Mellora da implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos.

m) Proceso de seguimento e avaliación interna do programa.

Mecanismos para a avaliación interna do plan de actuación

As actividades son monitorizadas a través dos indicadores de grao de cumprimento dos obxectivos recollidos no apartado seguinte.

As actuacións avaliaranse ao final de cada trimestre para valorar se están contribuíndo á consecución dos obxectivos do plan e implementar as modificacións pertinentes.

Ao final do curso avaliarase o desenvolvemento completo do plan e a mellora nos indicadores sinalados. A dirección do centro informará dos resultados obtidos aos organismos pertinentes a través dos procesos que se determinen.